



## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/22

### DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN</b>	
<b>1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO</b>	
<b>a) Alumnado coa materia superada.</b>	<p>Como ven recollida na programación didáctica da materia, a nota final da materia será o número enteiro máis próximo á media aritmética das tres avaliacións.</p> <p>A maiores, a nota acadada nas actividades que se levarán a cabo entre o 6 e o 22 de xuño ponderaranse podendo repercutir ata un 0,5 na nota final.</p>
<b>b) Alumnado con algunha parte da materia suspensa.</b>	<p>O alumnado que teña superada algunha das avaliacións deberá realizar as actividades e probas escritas correspondentes ás avaliacións pendentes.</p> <p>A correcta realización das actividades suporán un 25% da nota, mentres a que proba escrita suporá o 75% restante.</p>
<b>c) Alumnado con toda a materia suspensa.</b>	<p>O alumnado con toda a materia suspensa deberá realizar actividades de toda a materia e deberá superar unha proba escrita global.</p> <p>En concordancia co apartado anterior, a realización das actividades pondera un 25% da nota final e a proba escrita un 75% da mesma.</p>

**2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES**  
**(Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)**

<b>METODOLOXÍA</b>	<p>No período que abrangue dende o 6 ao 22 de xuño traballarase cunha metodoloxía dicotómica.</p> <p>O alumnado que non teña superada bioloxía e xeoloxía realizará actividades de reforzo e de repaso da materia para a preparación da proba escrita final.</p> <p>Por outra banda, co alumnado que si teña superada a materia desenvolveranse actividades de ampliación e indagación no método científico, que conleven aos cativos e ás cativas a profundizar na materia e a asimiliar os conceptos e procedementos máis complexos nos que non se puido facer especial fincapé ao longo do curso.</p>
<b>ACTIVIDADES</b>	<p>Para o alumnado con algunha avaliación pendente realizarase un boletín personalizado para traballar os conceptos e os procedementos que non deron acadado.</p> <p>As actividades de ampliación e indagación no método científico adaptaranse aos distintos niveis: en 1º e 4º ESO desenvolveranse actividades relacionadas co funcionamento dos ecosistemas, mentres que en 3º ESO traballarase na unidade didáctica do relevo terrestre e o solo.</p>
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	<p>As estratexias metodolóxicas e os recursos que se van a utilizar neste período, salvando a dobre metodoloxía anteriormente explicada, serán os mesmos que os realizados ao longo do curso.</p> <p>Aula virtual, E-Dixgal, material de laboratorio, etc.</p>